



**ASUNTO: INFORME SOBRE O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR SOBRE O PARQUE EÓLICO O SOBREDO NO CONCELLO DE ARBO (PONTEVEDRA)**

**Clave: Parque Eólico O Sobredo (IN661A 2011/5-4)**

Con data do 17 de decembro de 2021, o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra remite escrito á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, solicitando a emisión de informe por parte desta DXEI relativo ao estudo de impacto ambiental, en cumprimento do establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, do **Parque Eólico O Sobredo**, expediente **IN661A 2011/5-4**, cuxo promotor é Parque Eólico O Sobredo, S.L., en relación coa avaliación dos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou catástrofes que incidan no proxecto, o risco de que ditos accidentes ou catástrofes se produzan e os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente no caso de que ocorra

Revisada a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, todo elo sen prexuízo de que, si poidera estar afectado este proxecto polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o correspondente plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

O Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

Nuria Padín Quintanal  
Xefa do servizo de Prevención e  
Análise de Riscos  
Asinado electrónicamente

Vº Bº  
Jose Antonio Grandas Arias  
Subdirector Xeral de Planificación  
e Protección Civil  
Asinado electrónicamente

**Gema Mouriño de Lucas**

Servizo de Enerxía e Minas  
Xefatura Territorial de Pontevedra  
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación  
Avda. María Victoria Moreno, 43  
36071 Pontevedra

